

## Sinopse\_

Xesús Liste, Ameneiro, 1907/Enrique Lister, Madrid, 1994

A comén da guerra do trinta e seis o nome familiar de Liste acolle un R a resultas da pronuncia de brigadistas escoceses ou tal vez porque existe un marca 'Lister' de xeradores de enerxía. Iste neno de aldea que, como nas cantigas pra chamar ó sono, chega a xeneral, atopámolo nos exércitos ruso, polaco e iugoslavo durante a guerra mundial e despoixas, coa chamada 'guerra fría' no Consello Mundial Pola Paz.

### **LISTE, PRONUNCIADO LISTER**

**O neno Xesús Liste –de pai canteiro e de nai campesiña- emigra a Cuba no 1918 e a súa historia personal correrá parella coa do século: en 1927 entra no Partido Comunista Cubano e en 1928 regresa a Galiza onde organiza o Sindicato de Oficios Varios da súa comarca, Teo. O cárcere e unha dura condea pendente aconsellan que saia cara Moscú. Ao seu regreso, en 1935, é responsábel do traballo antimilitarista nos cuarteis de Madrid e, de supeto, a guerra: civil, mundial, fría... máis un R incorporado para sempre ao seu nome, unha historia de amor que se inicia cun baile amenizado pola Orquestra da 11 División en Caspe, novembro de 1937 e aquela homenaxe en La Habana, 1961, que é cando Ché Guevara o honra coa frase ... *en tu columna contento lucharía.***

Das intencións:

As vertebras do século

*Siècle mien, bête mienne, qui saura  
Plonger les yeux dans tes prunelles  
Et coller de son sang  
Les vertebres des deux époques?*

Ossip Mandelstam (1922)

(Trad. Do ruso de Cécile Winter e Alain Badiou)

Era a idea que me obsesionaba: achegarme á perda e ao que quizaves resta da persa dese grande soño, o soño de Lister, que fora a Europa da Fronte Popular. Esta incerteza, o principio construtivo do filme, foi a que determinou a miña relación con cada material: a personaxe, os filmes de familia, os lugares, os arquivos oficiais... e, sobre todo, ao voltar os ollos para o imaxinario dun século que, coma nos versos de Borges tan citados por Godard, en canto o atravesas deixache, como proba, una rosa entre as mans. Por iso a derrota, que está en cada intersticio do filme, esvae na ollada a cámara de Markus Dönhe e na crenza que acompañou ás Brigadas Internacionais.

Indas e vindas, aparicións e desaparicións, o comandante Lister tamén é proba material dunha historia de continua errancia, exilios, migracións e motivos que converten o próximo en materia fabulada mentre o tempo lento, como é lento o tempo da ensoñación que interpela varias realidades, lévanos a mirar en presente e a luir, sen medo, no que algures ben puido mudar ese real no que creban as vertebras do século.

Pequena memoria:

O filme "*Liste, Pronunciado Lister*", articulase sobre un lugar preciso, un eixe recoñecíbel: a vida dun home que recorre o século XX, na procura do que a crenza no século acuñou como advenemento do "home novo".

Existe, obviamente, un ámbito que o filme vai evocar como escenario de fondo: a extrema concreción coa que Lister rememora os sucesos que teñen que ver coa explotación na súa nenez e mocidade (o episodio da expulsión do seu pai da taberna da aldea por capricho do cacique e a emigración para a Illa de Cuba con once anos) e a extrema disciplina que executou ao fronte da súa Columna, máis aló de ser un seguidor conspicuo de toda a política da III Internacional, coas súas achádegas (CMP – Consello Mundial da Paz, que presidiu e que compartiu con figuras como Agustí de Semir, Ricard Salvat ou Rafael Alberti, José Agustín Goytisolo, Juan Antonio Bardem, etc. etc., onde se efectivizan os programas de incorporación de intelectuais ás causas xustas, os célebres “compañeiros de viaxe” do Partido Comunista), e tal vez coa súa proposta, proposta que preconizou e defendeu deica a extenuación, chegando incluso a regresar clandestinamente a Madrid dende Toulouse, do 9 ao 10 de febreiro de 1939, de que a República resistira uns meses máis para poder enlazar co inicio da II Guerra Mundial.

E existe un Lister celebrado na Guerra Civil por numerosos poetas –de Antonio Machado e Miguel Hernández ata poetas de ocasión, na fronte de batalla- que despois se converteu nun descoñecido, foi esquecido axiña como combatente de quen apenas queda a súa adhesión a Stalin e n seu ensaio de disidencia pobre. Ou moito se trabucaron os seus contemporáneos; ou moito seduciou á xente que loitou a seu carón, ou Enrique Lister é resultado dunha mestura de canteiro rural, que coñece a humillación antes que o marxismo, e de inadaptado que cree nas grandes causas do século ou que, como os escravos, sempre garda no seu interior un ‘non’.